

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que nas datas que se indican, o Concello de Abadín e o Patrimonio Forestal do Estado subscribiron os Consorcios dos montes e pastizais que a continuación se reseñan:

Data	C o n s o r c i o s
16-01-1953	Monte "TOJOSO O PEDRIZAS", LU-2058
16-01-1953	Monte "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059
22-04-1995	Monte "COTO DA CAL", LU-2040
9-03-1961	Pastizal "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS" LU-3281
10-05-1965	Pastizal "TOJOSO O PEDRIZAS", LU-3280

2º.-Que o 30 de outubro de 1978 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o acordo de clasificar como tal o denominado "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", pertencente á comunidade integrada polos veciños da parroquia de Labrada, termo municipal de Abadín. Publicado dito Acordo no B. O. do xoves 8 de febreiro de 1979, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

3º.- Que o 15 de maio deste ano, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral o 14 de novembro de 1996, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 640 Hás. do monte en man común da súa pertenza, nas que se inclúsen as 60 Hás. do monte "COTO DA CAL" as 388 Hás. do monte "TOXOS I, II, E III" e as 192 Hás. do monte "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", que son da súa propiedade.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anule e substitúa ós Consorcios dos montes "COTO DA CAL", "TOJOSO E PEDRIZAS I, II, III" e "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS".

- solicitar da Consellería a rescisión dos Consorcios dos pastizais "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS e "FUENTE TOXOSO", que no sucesivo sería administrados pola Comunidade, amortizándose os gastos que tiveron da mesma forma que os dos Consorcios dos montes, é dicir, con cargo a participación da mesma nos aproveitamentos e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro dos antigos Consorcios a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas, o seu aproveitamentos e a execución das obras e traballos complementarios concordados con tales fins.

5º.- Que en consecuencia, o novo monte "TOXOSO I, II, TREMOAL E VIGAS", queda consituído por:

60 Hás. do monte "COTO DA CAL", LU-2040.

388 Hás. do monte "TOJOSO, O PEDRIZAS I, II, III" LU-2058

192 Hás. do monte "TREMOAL E FRAGAS DAS VIGAS" LU-2059

6°.- Que as superficies do monte "COTO DA CAL", LU-2040, eran:

superficie total	264 Hás.
superficie repoboadada....	231 "
superficie inforestal...	33 "

Como ó monte "COTO DA CAL E COUCE DE VIGO", 2715721, pasaron:

superficie total	204 Hás.
superficie repoboadada.....	179 "
superficie inforestal.....	25 "

as actuais son:

superficie total	60 Hás.
superficie repoboadada.....	52 "
superficie inforestal.....	8 "

Todas elas se integran no monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS".

7°.- Que as superficies do monte "TOJOSO E PEDRIZAS I, II, E III", LU-2058, eran:

superficie total.....	815 Hás.
superficie repoboadada.....	807 "
superficie inforestal.....	8 "

Como o monte "TOXOSO", 2715681, pasaron:

superficie total	126 Hás.
superficie repoboadada.....	123 "
superficie inforestal.....	3 .

as actuais son:

superficie total	689 Hás.
superficie repoboada.....	684 "
superficie inforestal	5 "

O monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", pasan:

superficie total	388 Hás.
superficie repoboada.....	386 "
superficie inforestal.....	2 "

8°.- Que as superficies do monte "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS" LU-2059, son:

superficie total	192 Hás.
superficie repobada.....	190 "
superficie inforestal	2 "

Todas elas se integran no monte "TOXOSO I, II, TREMOAL E VIGAS".

9°.- Que en consecuencia, as superficies actuais do novo monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", serán:

superficie total	640 Hás.
superficie repobada.....	628 "
superficie inforestal.....	12 "

10°.- Que as superficies do pastizal "FUENTE TOXOSO" ou "TOJOSO O PEDRIZAS", LU-3280, eran:

superficie total	28 Hás.
superficie pastizal.....	28 "

A comunidade solicita a rescisión do Consorcio.

11°.- Que as superficies do pastizal "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS", LU-3281, eran:

superficie total	22,50 Hás.
superficie pastizal.....	22,50 "

O 31-12-1996.		
Administración Forestal	86.104,-Ptas.	
Excma. Deputación	<u>13.992,- "</u>	
Total.....		100.096,-Ptas.

pasados m/"COTO DA CAL E COUCE DE VIGO",	
2715821	77.564,- "
saldo actual:	22.532,- "

13°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, III", LU-2058:

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996.....	5.579.698,-Ptas.
pasados m/"TOXOSO", 2725681.....	741.054,- "
saldo actual	4.838.644,- "
o 31-12-1978, ano en se clasificou co-	
mo veciñal en man común o monte da Co-	
munidade de Labrada.	4.153.857,-Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda de lei 13/1989, do 10 de outubro:

<u>386</u> x 4.838.644,-Pts. - <u>386</u> x 4.153.857,-Pts.	743.729,-Ptas. ✓
684	807

b) Ingresos:

o 31-12-1996.....	
Administración Forestal	1.577.236,-Ptas.
Excma. Deputación	<u>8.592,- "</u>
Total	1.585.828,-Ptas.

pasados m/"TOXOSO", 2715681.	15.788,- "
saldo actual.	1.570.040,- "

14°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "TRENOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son as seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996	1.959.578,-Ptas.
o 31-12-1978, ano en que se clasificou como	
veciñal en man común o monte da Comunidade-	
de Labrada	1.089.645,- "

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda de lei 13/1989, do 10 de outubro:

<u>190</u> x 1.959.578,-Ptas. - <u>190</u> x 1.089.645,-Pts.	869.933,-Ptas.
190	190

b) Ingresos:

o 31-12-1996	
Administración Forestal	1.906.635,-Ptas.
Excma. Deputación	<u>6.546,- "</u>
Total	1.913.181,-Ptas.

15°.-Gastos por traballos e ingresos do pastizal "FONTE TOXOSO" OU "TOXOUSO OU PEDRIZAS",LU-3280.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan. son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996	814.762,-Ptas.
o 31-12-1978, ano en que se clasificou como	
veciñal en man coún o monte da Comunidade -	
de Labrada.....	814.762,- "

A ter enconta conforme coa Disposición Adicional Segunda de lei 13/1989, do 10 de outubro:

<u>28</u> x 814.762,-Ptas. - <u>28</u> x 814.762,-Ptas....	0,-Ptas.
28	28

b) Ingresos:

o 31-12-1996 0,-Ptas.

16°.- Gastos por traballos e ingresos do pastizal "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS", LU-3281.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996. 1.868.013,-Pts.
cancelación pastizal pertencente á Comunida-
de de Romariz. 788.717,- "
saldo actual 1.079.296,- "

o 31-12-1978, ano en que se clasificou como
veciñal en man común o monte da Comunidade -
de Labrada. 1.567.600,-Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional
Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

13 x 1.079.296,-Ptas.- 13 x 1.567.600,.Pts. 173.572,- Pts.
13 22,50

b) Ingresos:

o 31-12-1996. 0,- Pts
cancelación pastizal pertencente á Comuni--
dade de Romariz 0,- "
saldo actual 0,- "

17°.- E que os gastos que por traballos,
administración e gardería, así como os ingresos que das contas
dos Consorcios dos monte "COTO DA CAL", LU-2040, "TOXOSO OU
PEDRIZAS", LU-2058 e "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059 e

dos pastizais "FONTE TOXOSO", LU-3280 e "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS", LU-3281 pasan a conta do convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", son:

a) GASTOS:

do monte "COTO DA CAL", LU-2040:

traballos:	542.041,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 542.041,-Ptas. ...	42.550,- "
100	

gardería: 52 Hás. x 870,-Ptas./Há	45.240,- "
---	------------

do monte "TOXOSO OU PEDRIZAS", LU-2058:

traballos:	743.729.- "
administración <u>7,85</u> x 743.729,-Ptas. ...	58.383,- "
100	

gardería: 386 Hás. x 870,-Ptas./Há.	335.820,- "
--	-------------

do monte "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059:

traballos:	869.933.- Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 869.933,-Ptas.....	68.290.- "
100	

gardería: 190 Hás. x 870.- Ptas./Há.	165.300.- "
---	-------------

do pastizal "FONTE TOXOSO", LU-3280:

traballos:	0,- Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 0,- Ptas.	0,- "
100	

gardería: 28 Hás. x 870,-Ptas./Há.	24.360,- "
---	------------

do pastizal "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS"

LU-3281:

traballos:	173.572.- Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 173.572,-Ptas.	13.625,- "
100	

gardería: 13 Hás. x 870,-Ptas.-/Há.	<u>11.310,- "</u>
--	-------------------

TOTAL GASTOS..... 3.094.153,-Ptas.

b) INGRESOS:

del m/"COTO DA CAL", LU-2040:

52 Hás. x 22.532,-Ptas. 22.532,-Ptas.

52 Hás.

del m/"TOXOSO O PEDRIZAS I, II, E III",

LU-2058:

386 Hás. x 1.570.040,-Ptas. 886.017,- Ptas.

684 Hás.

del m/"TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059:

190 Hás. x 1.913.181,-Ptas.1.913.181,- Ptas.

190 Hás.

del pastizal "FONTE TOXOSO", LU-3280:

28 Hás. x 0,- Ptas. -

28 Hás.

del pastizal "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS,

LU-3281::

13 Hás. x 0,- Ptas. -

13 Hás.

TOTAL INGRESOS..... 2.821.730,- Ptas.

18°.- E que conta do Convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", se abre cun saldo de:

3.094.153,- pesetas - 2.821.730,- pesetas = ... 272.423,-Pts.

Á vista de todo isto, propónse a V.I.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "TOXOSO I, TOJOSO II, TREMOAL E VIGAS

Elenco: 2715876.

Superficie: 640 Hás.

Pertenze: Comunidade de Labrada.

Termo municipal: Abadín.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre ó anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Paraticipación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", 2715876, se abra cun saldo de 272.423,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcios dos monte "COTO DA CAL", LU-2040, "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, E III", LU-2058 e "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS", LU-2059 e as dos pastizais "FONTE TOXOSO", LU-3280, e "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS", LU-3281, con posterioridade a data do seu peche.

3°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do monte: "COTO DA CAL".

Elenco: LU-2040.

Superficie: 60 Hás.

Pertenza: Parroquia de Labrada.

Termo municipal: Abadín.

4°.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2058, sexan as seguintes:

Nome do monte: "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, E III".

Elenco: LU-2058

Superficie: 301 Hás.

Pertenza: Parroquias de Candia, Fanoy e Montouto.

Termo municipal: Abadín.

5°.- Que por pasar o Convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", 2715876, das contas do Consorcio do monte "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, E III" LU-2058, se resten as seguintes cantidades:

Gastos:

386 Hás. x 4.838.644,-Ptas. 2.730.580.-Ptas.
684 Hás.
386 Há. x 1.570.040,-Ptas. 886.017,- "
684 Hás.

6°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do monte: "TREMOAL E GRAGA DAS VIGAS".
Elenco: Lu-2059.
Superficie: 192 Hás.
Pertenza: Parroquia de Labrada.
Termo municipal: Abadín.

7°.- Que, a petición da Comunidade propietaria, se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do pastizal: "FUENTE TOJOSO", ou "TOJOSO O PEDRIZAS".
Elenco: LU-3280
Superficie: 28 Hás.
Pertenza: Parroquia de Labrada.
Termo municipal: Abadín.

8°.- Que, a petición da Comunidade propietaria, se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do pastizal: "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS".
Elenco: LU-3281.
Superficie: 13 Hás.
Pertenza: Parroquia de Labrada.
Termo municipal: Abadín.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo. Plácido Baamonde López.



V.º B.º.
O DIRECTOR XERAL,

Asdo. Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente para a sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de Veciños de Labrada, termo municipal de Abadin propietaria do Monte Veciñal en Man Común "Toxoso I, Toxoso II, Tremoal e Vigas" integrado por 640 Has. procedentes dos consorcios que seguidamente se citan:

Consortio LU-2058 do monte "Tojoso o Pedrizas" que aporta 388 Has.

Consortio LU-2059 do monte "Tremoal e Fraga das Vigas" que aporta 192 Has.

Consortio LU-2040 do monte "Coto da Cal" que aporta 60 Hás.

e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Xervicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Mome do monte: "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS".

Elenco: 2715876.

Superficie: 640 Has.

Pertenza: Comunidade de Labrada

Termo municipal: Abadín.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", 2715876, se abra cun saldo de 272.423,-pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcios dos montes "COTO DA CAL", LU-2040, "TOJOSO O PEDRIZAS I, II E III", LU-2058 e "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS" LU-2059 e as dos pastizais "FUENTE TOJOSO", LU-3280 e "SEIDOIRO E VEIGA DAS ANDURIÑAS", LU-3281, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do monte: "COTO DA CAL".
Elenco: LU-2040.
Superficie: 60 Hás.
Pertenza: Parroquia de Labrada.
Termo municipal: Abadín.

4º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2058. sexan as seguintes:

Nome do monte: "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, E III".
Elenco: LU-2058.
Superficie: 301 Hás.
Pertenza: Parroquias de Candia, Fanoy e Montouto.
Termo municipal: Abadín.

5º.- Que por pasar o Convenio do monte "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", 2715876, das contas do Consorcio do monte "TOJOSO O PEDRIZAS I, II, III", LU-2058, se resten as seguintes cantidades:

Gastos:

386 Hás. x 4.838.644.- Ptas. 2.730.580,-Ptas.
684 Hás.

Ingresos:

386 Hás. x 1.570.040.-Ptas. 886.017.-Ptas.
684 Hás.

6º.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do monte: "TREMOAL E FRAGA DAS VIGAS".
Elenco: LU-2059.
Superficie: 192 Hás.
Pertenza: Parroquia de Labrada.
Termo municipal: Abadín.

7º.- Que, a petición da Comunidade propietaria, se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome do pastizal: "FUENTE TOJOSO" ó "TOJOSO O
PEDRIZAS.

Elenco: LU-3280.

Superficie: 28 Hás.

Pertenza: Parroquia de Labrada.

Termo municipal: Abadín.

8º.- Que, a petición da Comunidade propietaria, se
cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome o pastizal: "SEIDOIRO E VEIGA DAS
ANDURIÑAS".

Elenco: LU-3281.

Superficie: 13 Hás.

Pertenza: Parroquia de Labrada.

Termo municipal Abadín.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5876
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do** Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación legalizada por~~ **Orde do 13.12.1993.**

Da outra, D. **JAVIER MANUEL PRIETO DIAZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL Y VIGAS"** segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **16 de Xaneiro de 1.953 e 22 de Abril de 1.955** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Labrada, termo municipal de Abadín**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL Y VIGAS".**

Termo municipal: **Abadín**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Labrada, termo municipal de Abadín.**

Límites: **(Figuran en folia adxunta)**

N.:

S.:

L.:

O.:

Superficie: **640 (SEISCENTAS CORENTA) Hás.**

Estado forestal: **628 (SEISCENTAS VEINTEOITO) Hás. repoboadas e 12 (DOCE) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **---**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **628 (SEISCENTAS VEINTEOITO) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **12 (DOCE) Hás.**

Servidumes: **---**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de labrada, termo municipal de Abadín**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **60 Hás. do monte "COTO DA CAL", LU-2040; 388 Hás. do monte "TOXOSO I, II e III", LU-2058 e 192 Hás. do monte "TREMIOAL Y FRAGA DAS VIGAS", LU-2059.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados~~ **O monte está repoboado con P. pinaster e P. radiata.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL E VIGAS", veciños da parroquia de Labrada, concello de ABADÍN - Rexistrados co nº 0135 o 18-12-1990.

2.— Que, así mesmo, figura Don JAVIER MANUEL PRIETO DÍAZ, e Don Benjamín Carreiras Vidal, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~daica~~ elixida o 12-04-1995.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 19 de maio de 1997.




Don BENJAMIN CARREIRAS VIDAL, Secretario de Comunidade de Labrada, termo municipal de Abadín.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 14 de Novembro de 1.996 estando designado Don JAVIER MANUEL PRIETO DIAZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Labrada (Abadín) a quince de Maio de mil novecientos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,


O PRESIDENTE,


Asdo.: Javier Manuel Prieto Díaz.

Asdo.: Benjamín Carreiras Vidal.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Asd.: Javier Manuel Prieto Díaz.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,


Asdo.: Antonio Luis Roson Pérez. (O. do 13/12/93)

LIMITES DO MONTE "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL Y VIGAS"

PARCELA I.-

- N.- Termo municipal de Alfoz;
- L.- Mais monte da Comunidade de Labrada;
- S.- Mais monte da Comunidade de Labrada e
- O.- Monte "TOXOSO O PEDRIZAS", LU-2058.

PARCELA II.-

- N.- Mais monte da Comunidade de Labrada;
- L.- Mais monte da Comunidade de Labrada; monte "FRAGA VELLA", LU-1001 e propriedades particulares;
- S.- Mais monte da Comunidade de Labrada e
- O.- Mais monte da Comunidade de Labrada.

PARCELA III.-

- N.- Termo municipal de Alfoz;
- L.- Monte "COTO DA GAL E COUGE DE VIGO", 2715821;
- S.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001 e
- O.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001.

PARCELA IV.-

- N.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001;
- L.- Monte "COTO DA GAL E COUGE DE VIGO", 2715821;
- S.- Mais monte da Comunidade de Labrada e
- O.- Mais monte da Comunidade de Labrada.

PARCELA V.-

- N.- Mais monte da Comunidade de Labrada;
- L.- Mais monte da Comunidade de Labrada;
- S.- Mais monte da Comunidade de Labrada, monte "PORTELA", 2717504 e termo municipal de Vilalba e
- O.- Mais monte da Comunidade de Labrada.

- - - - -

D. Javier M. Prieto Diaz
D. Benjamin Carreiras Vidal
D. David Pardeiro Corbal
D. José L. García Fernández
D. Jesús Cortiña González
D. Manuel Rego Otero

En la parroquia de Labrada, termino municipal de Abadín, siendo las doce horas del día - 15 de Mayo de 1.997, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Labrada, cuya relación figura al margen:

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la Comunidad, reunida en Asamblea General el 14 de Noviembre de 1.996, acuerdan a su vez:

1ª.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 640 Hás. del monte en mano común de su pertenencia, en las que se incluyen 60 Hás. del "COTO DA CAL", LU-2040, 388 Hás. del "TOXOSO I, II Y III", LU-2058 y 192 Hás. del "TREMOAL Y FRAGA DAS VIGAS", - - - LU-2059, todos ellos consorciados por el Ayuntamiento de Abadín con el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excmo. Diputación Provincial de Lugo, - con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "TOXOSO I, TOXOSO II, TREMOAL Y VIGAS".

Superficie: 640 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Termino municipal de Alfoz;
- E.- Más monte de la Comunidad de Labrada;
- S.- Más monte de la Comunidad de Labrada y
- O.- Monte "TOJOSO O PEDRIZAS", LU-2058.

PARCELA II.-

- N.- Más monte de la Comunidad de Labrada;
- E.- Más monte de la Comunidad de Labrada, monte "FRAGA VELLA", LU-1001 y propiedades particulares;
- S.- Más monte de la Comunidad de Labrada y
- O.- Más monte de la Comunidad de Labrada.

PARCELA III.-

- N.- Término municipal de Alfoz;
- E.- Monte "COTO DA CAL Y COUCE DE VIGO", 2715821;
- S.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001 y
- O.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001.

PARCELA IV.-

- N.- Monte "FRAGA VELLA", LU-1001;
- E.- Monte "COTO DA CAL Y COUCE DE VIGO", 2715821;
- S.- Más monte de la Comunidad de Labrada y
- O.- Más monte de la Comunidad de Labrada.

PARCELA V.-

- N.- Más monte de la Comunidad de Labrada;
- E.- Más monte de la Comunidad de Labrada;
- S.- Más monte de la Comunidad de Labrada, monte "PORTELA", 2717504 y término municipal de Villalba y
- O.- Más monte de la Comunidad de Labrada.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "COTO DA CAL", "TOJOSO O PEDRIZAS" I, II y III" y "TREMOLAL Y FRAGA DAS VIGAS".

3º.- Solicitar de la Consellería la rescisión de los Consorcios de los pastizales "SEIDOIRO Y VEIGA DAS ANDURIÑAS" y "FUENTE TOXOSO", que - en lo sucesivo pasarán a ser administrados por la Comunidad, amortizándose los gastos habidos en ellos de la misma forma que los de los Consorcios de los montes, es decir, con cargo a la participación de la misma en los aprovechamientos.

4º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Daniel P.

Señal y firma

Señal y firma